

ARQUITECTURA RACIONALISTA

OBRA: PAVILLÓN DE ALEMAÑA

AUTOR: Ludwig **MIES VAN DER ROHE**
(1886-1969)

CRONOLOXÍA: 1929 (Reconstrución 1986)

ESTILO: Racionalismo funcionalista

MATERIAIS: travertino romano, ónice,
mármore verde, aceiro inoxidable, vidro

LOCALIZACIÓN: Barcelona



MIES VAN DER ROHE E A SÚA ARQUITECTURA

En 1919 fundouse na cidade alemá de Weimar **A Bauhaus**, a primeira escola de deseño, arte e arquitectura do mundo. Un dos seus principios básicos foi a célebre frase: *a forma segue á función* (as dimensións e aparencia debían reflectir a función á que o obxecto serve, sendo todo o demais superfluo). A Bauhaus creou os fundamentos para as tendencias estéticas da arquitectura moderna e do deseño industrial. Clausurada polos nazis en 1933, as súas ideas espalláronse con gran éxito ao resto de Europa e aos Estados Unidos, utilizándose moitos dos seus deseños na reconstrución tras a Segunda Guerra Mundial.

Mies van der Rohe (1886-1969) foi un influente arquitecto e deseñador industrial alemán, colaborador de Walter Gropius (o fundador da Bauhaus), e director da vangardista escola de deseño arquitectónico na súa derradeira etapa. A súa arquitectura é de carácter universal, sinxela e honesta, tal como reflicte a súa frase: **Menos é máis**, lema que adoptarían os arquitectos vangardistas. En 1930 abandonou Alemaña ante o auxo do nazismo, instalándose en Chicago, onde foi decano da Escola de Arquitectura. En EE.UU. deixou mostras dunha das súas facetas como arquitecto, a construción de enormes rañaceos, como o Seagram Building, considerándose este arquitecto como máximo representante do Estilo Internacional. Pero ademais destas construcións en vertical, a obra de Mies van der Rohe ten unha segunda faceta, o deseño de edificios en horizontal, de pequenas dimensións, como pavillóns e vivendas.

COMENTARIO

O Estado alemán encargou a Mies van der Rohe o proxecto dun pavillón que debía encarnar o novo espírito alemán da República de Weimar, así a claridade formal e o rigor plástico do Pavillón evocaban os novos valores racionalistas e democráticos que pretendían relegar os antigos valores imperiais.

Coñecido como unha das obras máis relevantes da arquitectura moderna, o Pavillón caracterízase pola simpleza radical da súa organización espacial e formas, xunto cunha ostentosa elegancia dos materiais aplicados. Froito da continua análise ao que foi exposto ao longo dos anos, atribúenselle distintas influencias entre as que destacan o particular gusto do seu creador pola arquitectura tradicional xaponesa, o Suprematismo e o Neoplasticismo.

Caracterizado pola súa austeridade e polo predominio das formas puras e simples, van der Rohe aplicou na súa teoría de **construción de pel e ósos**, que inspirou varias xeracións de arquitectos: aceiro e formigón como estrutura, e vidro a modo de pel brillante sobre o esqueleto.

O Pavillón alemán foi deseñado por Mies van der Rohe en 1929 como a obra de representación alemá para a Exposición Internacional de Barcelona celebrada en Montjuic ese mesmo ano. O Pavillón concibiuse como un recinto de modernas dimensións e refinados materiais: vidro, aceiro e catro clases de mármore, destinado a albergar a recepción oficial presidida polo rei Alfonso XIII xunto ás autoridades alemáns. A ori-

xinalidade do uso dos materiais sempre descaca na obra; non radica na orixinalidade dos mesmos senón no ideal de modernidade que representaban e a súa aplicación rigorosa en canto á súa xeometría, á precisión das súas pezas e da claridade da súa montaxe.

No exterior, que non ten fachada en sentido estrito, o edificio levántase sobre un plano rectangular horizontal recuberto en mármore travertino, que ademais de ser o soporte do edificio, afástao da proximidade inmediata da rúa. O acceso é por unha escaleira de oito chanzos.

Sobre o basamento desenvólvese unha composición en base a unha retícula regular de oito columnas. O Pavillón define os seus espazos mediante o xogo ortogonal de planos desprazados; os muros dispóñense de tal xeito que xeran unha absoluta fluidez espacial ao interior do edificio. Amplas ventás continuas debuxan o límite exterior, declarando así a transparencia, a idea de liberdade e progreso que a República Alemana buscaba reflectir no seu momento.

Unha visión do total permite apreciar o carácter horizontal do seu deseño, o basamento, os grandes voadizos da cuberta –pois a cuberta é totalmente plana e horizontal e adíantase en voadizo respecto a súa estrutura inferior por un extremo, mentres que por outro deixa ao descuberto un patio pequeno- unidos ás súas proporcións, exacerban esta condición. A lixeireza das columnas de aceiro que relacionan estes planos outórganlle un carácter etéreo, dando un efecto de ingravidez. Mies van der Rohe diseña un edificio separando a estrutura do cerramento, xerándose un desprendemento do teito con respecto aos muros, xa que está apoiado sobre as columnas metálicas en cruz –que non son de carga senón que definen o espazo-, e permite que as paredes se dispoñan dun xeito máis libre, sendo estas nalgúns casos elementos de soporte e noutros organizadores do espazo.

No interior, podemos identificar claramente tres recintos dentro da obra, un patio de recepción, un núcleo edificado e un patio traseiro. O primeiro está definido por ser a área de acceso, onde se atopa un espello de auga cuxo fondo está cuberto en grava miúda. Dase unha relación interesante entre a opacidade dos muros, o reflexo da auga e a transparencia do bordo do Pavillón. Unha esquina en que predomina o baleiro e a transparencia marca o ingreso ao edificio. O núcleo edificado determínase a través de planos de muros en distintos materiais e vistas controladas a través de transparencias, opacidades, traslapes e baleiros, entrando en relación os nobres materiais utilizados (vidro, aceiro, e catro tipos de mármore que recobren a armazón metálica do edificio: travertino romano, mármore alpino verde, mármore antigo verde de Grecia e ónice dourado do Atlas). É unha pureza de formas case minimalista. O último patio atópase pechado por unha parede, cunha poza de auga pequena na que se coloca a estatua *Mañán* de Georg Kolbe, que é a única concesión ao figurativo. A imaxe da estatua proxéctase múltiples veces sobre reflexos da auga, os cristais ou o mármore. Os grandes rectángulos de mármore verde ou de cristal transparente u opaco forman paredes ilusorias, que tanto pechan o espazo como o abren ao exterior, desdibuxándoo. O resultado é un recinto aberto e polivalente onde a fronteira entre “dentro” e “fóra” difumínase.

O impacto do Pavillón ven pola modernidade e beleza dos materiais nobres empregados; o mérito reside en como foron empregados –en grandes superficies de formas simples e audazmente ensambladas- e no rupturista aire de modernidade que imprimiron ao conxunto, asemade da peculiar relación existente entre o interior e exterior que integra ao edificio no entorno, que reflicte a implicación de Mies co entorno natural de árbores e arbustos que lle ofrecía o parque-montaña de Montjuïc.